



ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA COORDINADORA DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA (CTNL)

LUGAR: Sala Circular do Auditorio de Galicia (avda. do Burgo das Nacións, s/n, Santiago de Compostela)

DATA: sábado, 9 de marzo de 2024

HORA DE COMEZO: 10.30 h

HORA DE REMATE: 14.00 h

NÚM. DE ASISTENTES: 13 persoas

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Elección da nova Xunta Directiva
6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
7. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
8. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior

A secretaria, Mónica Fernández, somete a votación a aprobación da acta da asemblea do ano 2023 (anexo 1) e esta apróbase por unanimidade.

2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas

Inma Seage explica que durante o período interassemblear 2023-2024 se rexistraron tres solicitudes de alta. Neste mesmo período rexistráronse 11 baixas.

O número de socias/os da CTNL en marzo de 2024 é de 151 persoas.

Vótase e apróbase por unanimidade a proposta de altas e baixas presentada pola directiva.

3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta, comenta e somete a avaliación o informe/memoria de xestión correspondente ao período 2022-23 (anexo 2).

O plan de acción aprobado non se cumpriu na súa totalidade, pois foi necesario dar prioridade ás accións máis asentadas ou con certa urxencia mais si se levaron a cabo as actividades que se consideraron prioritarias. Desenvolvéronse accións de xestión cotiá da asociación (defensa de intereses dos/das traballadores/as de normalización da lingua, propostas para mellorar o traballo en lingua etc.) e as máis estabilizadas e que supuñan continuidade dos anos anteriores (encontros, colaboracións, formación, LGx15, Agasallo, Premios Mil Primaveras etc.).

Houbo outras **actividades** que quedaron **pendentes**: non se modificou o web da CTNL, aínda que si se enviou unha consulta ás persoas socias para saber a súa opinión sobre os cambios no web e outras actividades; non se organizou un acto lúdico; tampouco se lle propuxo á Xunta a creación de bolsas de estadías noutras comunidades onde se traballe no proceso de normalización lingüística, nin se chegou a contactar coas universidades para lograr unha maior difusión entre o alumnado das posibilidades profesionais como técnicos/as de normalización lingüística ou para pedirllas que retomen ou inicien colaboracións con SNL co fin de que o alumnado poida facer prácticas e coñecer mellor este ámbito de traballo.

En definitiva, desenvolveuse unha actividade satisfactoria, dentro das posibilidades e dos recursos materiais e humanos, para procurar mellorar o discurso e o traballo a prol da lingua e a formación e as



condicións das traballadoras e traballadores.

Máis polo miúdo fomos tratando os diferentes bloques:

1. Defensa dos intereses xerais dos traballadores e traballadoras: continuouse coa difusión das convocatorias de prazas (unha praza definitiva no Concello de Vilagarcía de Arousa, outra de tradutor/a interino/a na Deputación Provincial de Pontevedra e diversos anuncios dos prazos de inscrición nas convocatorias ao abeiro da Lei 20/2021); fixéronse solicitudes e alegacións na procura de mellorar as condicións laborais (Concello de Culleredo e Mancomunidade de Ferrol) e seguimento das axudas convocadas polas deputacións e a Xunta.

2. Promoción da formación continua: o curso escollido foi o titulado **Os SNL como centros xestores de recursos públicos**, impartido por Mónica Legaspi Díaz. A formación foi ben valorada polo alumnado (15 persoas), inda que se botou en falta máis duración ou máis tempo para consultar o material proporcionado.

Nova colaboración nos **Encontros** para a normalización lingüística que este ano tiveron un formato mixto con entrevistas previas á sesión presencial que foron difundidas a través das redes sociais do Consello da Cultura Galega e das propias persoas investigadoras. A temática tratada foi Economía, lingua e sustentabilidade.

3. No apartado da transmisión de ideas e accións de fomento do galego, continuouse cunha nova edición do **LGx15**, a novena. Este ano, como novidade, cambiou a súa sede a Pontevedra, foi no Teatro Principal o 28 de outubro, coa intervención de seis persoas (3 menos que en edicións anteriores). Tamén contou coa colaboración do Concello de Pontevedra coa cesión do espazo e dos recursos técnicos para o directo e, por primeira vez, contamos tamén coa colaboración privada de Deleite para o pagamento de dúas facturas.

En canto a **Agasallo**, continuamos coa súa difusión a través das redes sociais Facebook, twitter e instagram e, como novidade, asinamos un convenio de colaboración con Puntogal para traballarmos conxuntamente na difusión de produtos en galego. A CTNL seleccionou mensualmente produtos que PuntoGal sorteou a través das redes sociais de Agasallo e da propia asociación PuntoGal. En total foron 9 sorteos, entre os meses de abril e decembro.

No marco desa colaboración, fomos convidados a estar presentes no posto de PuntoGal na Feira das Culturas Galegas (Culturgal) e, con este motivo, deseñamos un marcapáxinas con información de contacto da asociación e dos nosos proxectos.

No referido aos **Premios Mil Primavera**s, finalizamos a cuarta edición e convocamos a quinta. Nesta nova edición, abrimos a convocatoria no mes de outubro e foron 37 os proxectos presentados. Neste momento o xurado está constituído e valorando as candidaturas.

Outras accións:

En agosto de 2023 retomamos a proposta #veránlingua a través da nosa conta de Twitter/X que busca aproveitar o tempo estival para deternos con máis vagar en recursos, publicacións, campañas, vídeos, ferramentas, xogos... de interese para as persoas que traballamos en lingua.

En novembro de 2023 enviamos unha consulta ás persoas asociadas da CTNL. Nela preguntabamos sobre o web da CTNL, as redes sociais e a participación na asociación. A participación foi escasa pero puidemos extraer algúns datos para ter en conta para mellorar a comunicación e para renovar o web.

Vótase o informe de xestión e apróbase por unanimidade.

4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas

Inma Seage expón o informe económico do período comprendido entre o 15 de febreiro de 2022 até o 23 de febreiro de 2024 (anexo 3).

Cuestiónase a elevada achega a Queremos galego porque supón o 15% do noso orzamento.

Vótase a aprobación do informe e apróbase por unanimidade.



5. Elección de nova Xunta Directiva

A presidenta, Anxos Sobriño, fai unha pequena valoración destes oito anos de presidencia e presenta a nova candidatura da que cesa María Adela Pita Permuy e suma a Fátima Souto Muñiz. Tamén hai cambios na presidencia, secretaría e tesourería, quedando deste xeito:

Presidenta: Mónica Fernández Valencia
Secretaria: Paula Soto Viñas
Tesoureira: Xesús M. Mosquera Carregal
Vogal 1: María dos Anxos Sobriño Pérez
Vogal 2: Inmaculada Seage Freire
Vogal 3: Marta Besada Otero
Vogal 4: Manuel Reyes Villar
Vogal 5: Xosé Ramón López Boullón
Vogal 6: Fátima Souto Muñiz

A Asemblea acordou por unanimidade, cos votos a favor de todas as persoas asistentes, escoller como nova Xunta Directiva as persoas integrantes da única candidatura presentada.

6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio

A presidenta, Mónica Fernández, presenta o plan de acción para o período interasamblear 2023-2024 (anexo 4). A seguir ábrese un debate no que se matizan, comentan e aclaran algunhas das accións propostas.

Continuaremos a defender os intereses xerais das/dos traballadoras/es; realizar propostas de mellora da situación do traballo de NL; difundir o labor de NL e convocatorias e actividades de interese para traballadores/as de NL.

No apartado da formación continuamos coas propostas do ano anterior e incluímos outra que traballe as redes sociais, como ferramenta moi valiosa para a normalización lingüística, dun xeito práctico.

En canto ás propostas para facer máis efectivo o traballo de NL seguirase na mesma liña que en anos anteriores con accións para unha mellor e maior implicación das administracións públicas no proceso de normalización. En concreto, faremos un seguimento da política lingüística da Xunta de Galicia a espera dos novos nomeamentos e consultaremos a falta de dispoñibilidade de profesorado para impartir cursos de linguaxe administrativa e de preparación dos Celga que reclaman algunhas administracións locais.

Seguiremos colaborando cos Encontros para a normalización lingüística organizados polo CDSG do Consello da Cultura Galega que terán lugar no outono de 2024.

Elaboración de materiais: logo do curso de Xestión organizado o pasado ano, decidiuse actualizar o manual de xestión administrativa para servizos de normalización lingüística para adaptalo á lexislación actual. Proporémolos a Alicia Otero, autora do manual no 2011.

No apartado de **Accións de fomento do galego** tratáronse os seguintes programas:

Premios Mil Primaveras, na actualidade está a traballar o xurado nas deliberacións da quinta edición que se resolverá na primavera e abriase unha nova convocatoria despois do verán.

Continuar co **Lgx15**, que este ano cumpre 10 anos e procuraremos traballar nunha edición especial no grupo de traballo.

Continuaremos co proxecto **Agasallo** con máis incidencia nas redes sociais e abertos a posibles colaboracións con PuntoGal.

En canto á **mellora da comunicación** da CTNL:

Renovaremos o web da CTNL, neste momento estamos a estudar diferentes propostas orzamentarias e



crearemos, logo de recoller a proposta extraída da consulta aos socios/as, unha canle de Telegram para mellorarmos a comunicación coas persoas asociadas.

Ábrese a quenda de intervencións, Dores pregunta polo profesorado dos cursos CELGA e mais de linguaxe administrativa xa que foron solicitados pola Deputación da Coruña cursos á SXPL e negáronllos por falta de persoal para impartilos. Faremos a consulta cando nomeen o novo goberno.

En canto ás axudas que conceden as Deputacións aos SNL, David Covas suxire propoñerlles aplicar sen medos o mesmo criterio da Xunta nas súas axudas de pertenza á Rede de dinamización lingüística coa incorporación do traballo real en rede: a participación en proxectos colaborativos con outras administracións (Youtubeiras, Enreguéifate,...) ou a pertenza a Alingua.

Despois da quenda de debate, vótase e apróbase por unanimidade o plan de acción para o vindeiro período coas modificacións propostas.

7. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio

A presidenta, Mónica Fernández, presenta as previsións orzamentarias para o 2024 ([anexo 5](#)), unhas previsións que continúan na mesma liña que as de anos anteriores.

Vótanse as previsións orzamentarias para o vindeiro exercicio e apróbanse por unanimidade.

8. Rolda aberta de intervencións

Anxos comenta en relación cos Premios Rosalía que está aberto o prazo para presentar propostas e que se poden propoñer persoas, entidades ou proxectos. Cada entidade só pode candidatar unha persoa, entidade ou proxecto. David comenta que poderíamos considerar as comisións de festas que desenvolven todo a súa actividade en lingua galega para destacar todo o traballo que fan pola lingua. En todo caso, o prazo está aberto ata finais de abril e temos ata esa data para presentar algunha proposta.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata esta asemblea e agradece a participación. Eu, como secretaria, redacto a acta.

A secretaria

Asinado por SOTO VIÑAS, PAULA
(AUTENTICACIÓN) o día 10/05/2024 cun
certificado emitido por AC DNIE 006
Paula Soto Viñas

Visto e prace

A presidenta

Mónica Fernández Valencia

Anexos:

Anexo 1 : Acta anterior

Anexo 2: [Memoria de xestión](#)

Anexo 3: Memoria económica

Anexo 4: Liñas de acción

Anexo 5: [Orzamento 2023](#)